

ACTA NÚMERO 05/08
XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO
E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

<p>ASISTENTES</p> <p>POLA DIRECCIÓN:</p> <p>D. CARLOS EIREA EIRAS D^a. SUSANA ALDECOA LANDESA D^a. PILAR PINTOS MARTINEZ D. FERNANDO ISIDRO LAGO DEIBE D^a. BELEN VAZQUEZ PACHECO D^a. LOURDES PIÑEIRO TRONCOSO</p> <p>POLA COMISIÓN DE CENTROS:</p> <p>D. CARLOS VARELA VIGO-CSI-CSIF D. RAMON LLORENTE SANMARTIN-CIG D. MANUEL GONZALEZ MOREIRA-CIG D^a. BEGOÑA PEITEADO GARRIDO-CIG D. ANGEL CAMESELLE CORBACHO-CC.OO D. MANUEL A. CABANELAS LORENZO-CC.OO D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE D^a. HERMINIA VAZQUEZ NIEVES-CEMSATSE D^a. CARMEN GARCIA RIVAS-CEMSATSE D^a. M^a TERESA NUÑEZ GALLEGU-CEMSATSE D^a. M^a ELENA SANCHEZ RODRIGUEZ-USAE D^a. ROSALINA ALONSO GONZALEZ-USAE D^a. ALAZNE ACHALANDABASO CUBAS-UGT D. JOSE M. BREA FEIJOO-O'MEGA D. MANUEL RODRIGUEZ PIÑEIRO-O'MEGA</p>	<p>En Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día doce de maio de dous mil oito, reúnen-se na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:</p>
---	---

-- ORDE DO DÍA --

Protocolo interno de vacacións e permisos de libre disposición

1. Comisión de zonificación: prazo previsto para a seguinte xuntanza con datos actualizadas
2. Mobilidade interna: Este acordo sería de aplicación para todo o persoal (facultativo, sanitario non facultativo e non sanitario) da área sanitaria de Vigo.
A mobilidade interna sería con carácter de área.
As prazas ofertadas serían :
 - Vacantes producidas por calquera motivo.
 - Prazas de nova creación (plan mellora de AP, dotación de novos centros, xubilacións, etc..)
 - Reservas de praza.A permanencia nestas prazas sería ata que foran cubertas por oposición, traslado ou pola incorporación do titular da praza.
4. Peche de Rosalía por mor da unificación dos sábados.

PUNTO PRIMEIRO.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR.

Aprobase as actas nº 3/08 e 4/08 das reunións celebradas os días 10 de marzo e 7 de abril de 2008, respectivamente.

Quedan pendentes de aprobación as ACTAS EXTRAORDINARIAS das reunións celebradas os días 21 e 28 de abril de 2008, respectivamente.

PUNTO SEGUNDO.- PROTOCOLO INTERNO DE VACACIÓNS E PERMISOS DE LIBRE DISPOSICIÓN.

Revísanse as alegacións que presentou a Comisión de Centros e as que se aceptan. *(Entregase copia do protocolo que inclúe as alegacións aceptadas).*

- CIG: Quere revisar o tema do computo dos sábados, considera que é ilegal se nos baseamos no Estatuto Básico do Empregado Público (EBP)
- XERENCIA: Na reunión de Servizos Centrais tomouse a decisión, de momento, de manter o computo do sábado.
- CIG: Na reunión no houbo acordo, rebatéranse todos os planeamentos de Servizos Centrais e non se pechou nada.
- SATSE: Non se pode asinar é limitativo, está pendente de dilucidar en Santiago o tema dos sábados.
- XERENCIA: O tema dos sábados queda pendente a que Servizos Centrais reúnanse cos sindicatos e salgan acordos, despois desta reunión sacárase o definitivo.
- CIG: Salvo o tema sábados, o resto está de acordo.
- CEMS: Quere separar médicos xerais e pediatras
- XERENCIA: Pódese poñer unha aclaración ao considerar no mesmo grupo médicos xerais e pediatra, *“salvo nos centros que teñan 3 ou mais pediatras que se terían en conta por separado”*.
- SATSE: Solicita relación de substitucións.

PUNTO TERCEIRO.- COMISION DE ZONIFICACION: PRAZO PREVISTO PARA A SEGUINTE XUNTANZA CON DATOS ACTUALIZADOS.

- XERENCIA: Na primeira reunión establecéronse unhas tarefas e prevén ter datos para convocar a comisión no mes de xuño.

- D.MEDICA: Respecto da zonificación, comentar que hai centros con cotas pechadas: Rosalía, Nicolás Peña, Colmeiro, Cuba e López Mora; e a través do departamento de tarxeta sanitaria, as solicitudes de pacientes se están na zona do centro autorízase o cambio ao centro e fora de zona non se autoriza.
Coas reordenacións, solicítanse datos por parroquias e reordénanse por parroquias.
- CEMS: Está en desacordo que xente de Peinador teña mais problemas para ir a Lavadores en lugar da Rúa Cuba permíteselle o cambio a Rúa Cuba, porque o problema é directamente proporcional ao problema que ten o profesional para ir ao domicilio.

PUNTO CUARTO.- MOBILIDADE INTERNA:

A Comisión de Centro tomou un acordo sobre a mobilidade interna que se reflicta na orde do día:

Este acordo sería de aplicación para todo o persoal (facultativo, sanitario non facultativo e non sanitario) da área sanitaria de Vigo.

A mobilidade interna sería con carácter de área.

As prazas ofertadas serían :

- Vacantes producidas por calquera motivo.
- Prazas de nova creación (plan mellora de AP, dotación de novos centros, xubilacións, etc..)
- Reservas de praza.

A permanencia nestas prazas sería ata que foran cubertas por oposición, traslado ou pola incorporación do titular da praza.

- XERENCIA: Cuestións que se suscitan:
 1. Actual concurso de traslado (sería lóxico en caso de tomar algunha medida neste sentido, facelo unha vez rematado o concurso de traslados).
 2. Cando se falou de comisión de servizos estableceuse: unha praza PIT, unha praza listas e unha praza comisión servizo, agora enténdese tal e como está exposto parece que todas irían a mobilidade, se ese é o planeamento unha das consecuencias é anular o circuíto que agora ten, por exemplo, o persoal que está en PAC.
 3. É necesario pensalo e ver todas as cuestións que se poden expor.

- COMISION DE CENTRO: A comisión de centro remitira á Xerencia un borrador para o seu estudio.
- CC.OO.: As adecuacións non teñen que ser á carta non teñen porque ser de mañá, aínda tendo unha quenda de mañá, a adecuación no ten que ser de mañá.

PUNTO QUINTO.- PECHE DE ROSALIA POR MOR DA UNIFICACIÓN DOS SÁBADOS.

- XERENCIA: A idea é pechar o centro ao público pero non eliminar todas as presenza de sábado.
- CIG: O departamento de persoal ten alternativas, supón que hai que estudalas.
- XERENCIA: Estudaranse.
- CC.OO.: Poderase estudar que ninguén faga sábados na casa, pero a solución é global.
- XERENTE: Quedamos emprazados para escoitar todas as propostas con idea de mellorar.

Remata a reunión as dez horas e trinta minutos do día sinalado